

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 5 DE ABRIL DE 2023.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día cinco de abril de 2023, baixo a presidencia da Ilma Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventora Xeral Municipal accidental, dona M^a Concepción Castro-Gil Iglesias, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para instalación de ascensor no edificio sito na rúa Quiroga, número 32(2022/Y001/000288); para instalación de ascensor no edificio da rúa Serra Gañidoira, número 114 (2022/Y001/000289) e para construción de vivenda unifamiliar no núcleo rural de Manzoi, parroquia de Carballido (2021/Y001/000177).

Acórdase a denegación da licenza urbanística para as obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar illada tradicional de planta baixa e planta alta en Locai, número 4, parroquia de Santa María Alta (2021/Y001/000223).

Acórdase a concesión da licenza urbanística instalación de ascensor en patio interior en edificio existente de planta baixa, entresollado, tres plantas altas e unha planta baixocuberta na rúa Cabo Estaca de Bares, número 2 (2022/Y001/000235).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación na contratación de patrocinio publicitario con motivo da celebración no Concello de Lugo do campionato de españa de motocros, exp. ref. 2023-C005-000001.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac6854316596683589583.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 5-4-2023

Atamén se acorda declarar deserto a contratación mediante lotes da subministración de alimentos e outros produtos no fogar do transeúnte, exp. ref 2023/C004/000005.

Tamén se acorda a modificación prevista do contrato por aplicación de novo convenio colectivo na contratación para a prestación do servizo de vixilancia no Centro Social e Cultural do Vello Cárcere (exp. ref. 2018-33) exp. tecol: 2021/C005/000044.

Acórdase a contratación da subministración, instalación e mantemento dos sistemas audiovisuais do salón de plenos, dentro da estratexia Dusi Muramiñae da Muralla ao Miño código de proxecto: 16DUSI001 incluído no programa operativo Feder Oorde HAP/2427/2015, do 13 de novembro, con financiamento do 80%, exp. ref. 2023/C004/000011.

3. FACENDA LOCAL.- Acórdase a revisión da liquidación provisional practicada correspondente á taxa pola prestación de servizos urbanísticos e polo imposto sobre construcións, instalacións e obras correspondente á licenza urbanística para o cambio de localización en proxecto da explotación equina de pequena capacidade, en Santa María de Bóveda con licenza urbanística expediente 108/2019, outorgada na Xunta de Goberno Local do 29.01.2020.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.